

## Unha sentenza do TSXG gañada pola CIG Ensino exime a dirección dos centros da responsabilidade de recepcionar os alimentos do comedor escolar

Unha sentenza do TSXG vén de confirmar unha resolución previa dun xulgado vigués na que se recoñecía o dereito da persoa á fronte da dirección dun CEIP a non se facer cargo da recepción dos alimentos do comedor escolar. Igualmente afirma que, malia que a responsabilidade administrativa da contratación de subministrados depende da dirección, as decisións sobre que produtos son necesarios mercar correspóndelle ao persoal de cociña. O tribunal tira abaixo a imposición unilateral do Xefe Territorial de Pontevedra de obrigar a que fose a directora dun centro a que tivese que estar pendente de recibir os provedores e as mercadorías para o comedor escolar. Esa imposición veu acompañada pola prepotencia, xa que a desde a xefatura territorial non contestaron inicialmente ao escrito que desde o centro se lle remitiu solicitando aclaracións sobre a responsabilidade e funcións da dirección, o que obrigou a directora a presentar unha demanda a través dos servizos xurídicos da CIG-Ensino.

A Consellaría argumentaba a súa decisión no problema que se presenta coas funcións que lle corresponden ao persoal de cociña. Así, na meirande parte

centros non se conta con Oficial de 1ª e xa existe reiterada xurisprudencia que lles recoñece o dereito aos Oficiais de 2ª a cobrar por realizar funcións de categoría superior, pagamento que a Consellaría pretende evitar a todo custo.

Na sentenza cabe salientar que o xuíz reprochalle claramente á Administración que faga recaer no colectivo docente responsabilidades que lle corresponden ao persoal de cociña por cuestión puramente economicistas. Así, afirmase que *“o intento da administración de eludir os custos que suporía contar con persoal de cociña de categoría superior para realizar determinadas funcións non pode amparar a atribución desas funcións específicas de cociña aos/ás directores/as ou o persoal encargado do comedor, supoñendo un uso desviado da potestade de organización, ademais dunha atribución indebida a quen nin ten a formación técnica precisa en materia de manipulación de alimentos nin debe asumir a responsabilidade propia dun cometido do persoal de cociña”*.

Consideramos un abuso de autoridade que o xefe territorial de Pontevedra impuxera unhas

funcións que non son propias do persoal docente, sexa membro da dirección ou responsábel do comedor. De novo, a cobiza da Consellaría lévaa a sobrecargar de traballo o colectivo docente para se aforrar o lexítimo complemento que debería cobrar o persoal de cociña por realizar esas funcións. A sentenza aclara cales son as funcións que lles corresponden a cada colectivo:

- 1) A dirección do centro debe programar os menús de 4 a 6 semanas segundo as bases que estableceza o Consello Escolar, tal e como aparece na Orde do 21 de febreiro de 2007 (artigos 12.2 e 11.1)
- 2) É a dirección do centro a que ten que facer as contratacións do subministro, pero **correspóndelle ao persoal de cociña decidir que produtos son necesarios mercar**
- 3) **A recepción dos pedidos é función exclusiva do persoal de cociña**, o único coa formación necesaria para poder comprobar a calidade e o estado dos alimentos.

A Consellaría debe dar instrucións precisas para evitar novas “desviacións da potestade de organización” por parte dos xefes territoriais, modificando a normativa actual se é preciso.